

**Madrygal.** Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/madr.80263>



EDICIONES  
COMPLUTENSE

LEIRA CASTIÑEIRA, Francisco (2020): *Soldados de Franco. Reclutamiento forzoso, experiencia de guerra y desmovilización militar*. Madrid: Siglo XXI Editores, 347 pp.

Este libro constitúe o corolario dunha precoz e premiada investigación académica asinada por Francisco Leira Castiñeira, autor dun retrato clarificador da experiencia dos soldados de Franco durante a guerra civil e a posguerra e, finalmente, do duplo valor que posúen algunhas victorias para gran parte da sociedade.

Estamos diante, pois, dun traballo ben fundamentado metodoloxicamente, construído a partir dunha variada e importante base documental –porén, a ollada do historiador nunca deixa de detectar fendas polas que cuestionar as fontes– e, sobre todo, orixinal e certamente audaz ao abordar sen prexuízos un campo de estudo até agora pouco frecuentado pola historiografía da guerra civil española. Trátase da traxectoria destes homes anónimos reclutados polo bando franquista para acadar unha victoria inapelábel que, valla o paradoxo, terminaría por asignarlles a eles mesmos unha categoría especial na xeografía humana, administrativa e política da derrota, sen chegar loxicamente á crueldade represiva –reflectida tamén na estratexia da morte civil– reservada pola xustiza franquista para os inimigos republicanos.

A nova e estimulante perspectiva que ilumina o relato proposto por Francisco Leira –unha historia social “dende abaixo” dos soldados do exército franquista– achega unha realidade social moi complexa onde aparecen novos ángulos a explorar tras o cuestionamento de certos mitos primordiais acuñados durante décadas pola historiografía sobre o *factor humano* e a súa interpretación na análise da guerra civil española.

Neste punto, o autor acerta ao distinguir as características propias do conflito español e evitar, desta maneira, a extrapolación arriscada de conceptos relevantes no exame das sociedades traumatizadas polos efectos da primeira guerra mundial. Dende estas coordenadas, xa que logo, non se afonda na experiencia de guerra do punto de vista cultural, deixando á marxe

as construcións e interpretacións individuais do pasado vivido, malia as oportunidades ofrecidas polo tema en cuestión, e prefírense –seguindo un criterio coherente– as tramas sociais e políticas que contextualizan a experiencia dos soldados do exército vencedor da guerra civil.

Quizais o autor debeu afondar algo máis nalgúns conceptos para ampliar así o marco referencial escollido e precisar significados que se cadra poderían contextualizar mellor certas pasaxes do texto. O libro, ben orientado en calquera caso, pon o foco no plano social para encadrar a traxectoria destes homes dende a Caixa de Recluta á trincheira, e deica o final da guerra á incertidume do tempo da ditadura.

Soldados ou voluntarios forzosos, redentores dun pasado perigoso ou reclusos do seu presente, indisciplinados, desertores, fuxidos –xunto cos máis comprometidos ideoloxicamente, obvio– vanse integrar nun escenario bélico globalizado, que resulta abraiante de partirmos das premisas e esquemas de pensamento cos que se analizaba a guerra civil dende hai moito tempo.

O libro discute a idea do apoio masivo –dende a mobilización voluntaria até a apropiación dunha causa, reflectidas pola propaganda– da mocidade na España nacional a prol do bando franquista e formula, asemade, a falsación do binomio *participación = adhesión* asentado na historiografía até o momento. Para iso contémpase a premisa da heteroxeneidade dun exército franquista composto por reclutas de moi diversas identidades e procedencias sociais, pertencentes loxicamente a culturas políticas diferentes e enfrontadas naquel contexto crítico. Nesa mesma liña, despois de mostrar o vencello entre o proceso de reclutamento e os mecanismos de control e represión social establecidos na retagarda, refúgase o papel sobranceiro atribuído aos soldados franquistas no sustento *sociolóxico* do réxime nacido dun golpe de estado, cuestión que está a suscitar un interesante debate historiográfico na actualidade.

Outro importante debate suxerido nestas páxinas xira verbo do relativo fracaso dos procesos de socialización e ideoloxización dos reclutas do exército franquista emprendido polas autoridades militares e políticas do bando vencedor da guerra civil, unha cuestión na que o autor e os especialistas nos estudos de guerra deberán afondar no futuro. Do que non cabe dúbida, é da eficacia da implantación forzosa, por parte dun estado militarizado, de fortes contravalores nos que se socializaron os soldados dende a guerra, valores pertencentes a unha cultura de “disciplina, control social, vigilancia, silencio, medo y encuadramiento” (p. 299).

Aínda que se evidencia a desconexión –como subliña Francisco Leira– entre as institucións do estado franquista (a *España oficial*) e unha gran masa de excombatentes retornados aos seus lugares de orixe, sería necesario reavaliar o valor real do silencio e as claves da adaptación ao medio social fronte á lóxica de poder imposta por unha guerra, e o seu correlato simbólico, como as únicas respostas posibles en determinados contextos represivos. Fálase de actitudes que, a longo prazo, contribuirían tamén, por máis que se mantivesen un tempo perto da resistencia pasiva –ás veces traspasando os seus límites–, á supervivencia dun réxime espurio, fundamentalmente a través do seu papel na consolidación dunha masa social dócil e despolitizada.

Francisco Leira déixanos tamén apuntes moi significativos sobre a situación dos soldados de Franco durante a posguerra e o primeiro franquismo, fundamentalmente, sinalando a política exclusivista e certamente errática seguida polo goberno franquista e institucións como a DNE cara ao colectivo de excombatentes menos comprometidos ideoloxicamente co franquismo ou carente de rango e condecoracións. Un colectivo non precisamente escaso, levado case á marxinação e cuxa imaxe e memoria tamén serviron aos intereses propagandísticos da ditadura. Isto enlaza moi ben cunha das teses suxeridas polo autor no senso de identificar ou formular unha identidade compartida por unha boa parte dos soldados franquistas e os *adversarios* republicanos, todos eles individuos suxeitos a unha multiplicidade de culturas políticas e identidades cruzadas.

Un último punto a resaltar, xa de maneira tanxencial, deriva do dilema permanente da memoria, neste caso un poderoso imán social que implica a figura do historiador como investigador e intérprete dos acontecementos

históricos. A honestidade e rigor metodolóxico do autor revela tamén un especial interese en cuestionar o mito (aínda recorrente, desafortunadamente) do apoio masivo da sociedade galega (ben representada no exército franquista) á causa franquista dende o mesmo inicio da guerra civil.

Neste punto, evítanse condicionamentos ou prexuízos en termos de escolla de fontes documentais e esquemas de argumentación, máis alá dos nesgos inherentes a calquera investigador ou científico social. Falamos, probablemente, dunha demanda formulada aos historiadores dende o espazo onde se entrecruzan memorias familiares, sociais, políticas, profesionais e interxeracionais e que neste traballo acha resposta debido ao oficio e capacidade crítica do autor.

En definitiva, estamos ante unha lectura obrigada se queremos comprender a guerra civil na súa complexidade e sentimos como nosa a débeda ética contraída pola nosa sociedade cos centos de miles de seres anónimos que loitaron nos dous bandos dunha guerra estendida máis alá do 39, o punto de inflexión que marcou e ha marcar a historia española durante moito tempo.

José Galán Ortega  
josegalanortega@gmail.com